

sante non é posible, detallar os motivos desa imposibilidade.

- d) Características epidemiolóxicas do abrocho.
- e) Causas probables do abrocho.
- f) Factores que puideron contribuír.

## ANEXO V

### CAPÍTULO I

#### Lista de laboratorios nacionais de referencia

a) Laboratorios Centrais de Sanidade Animal, sitios en Algete (Madrid) e en Santa Fe (Granada), para as zoonoses en produtos para a alimentación animal e en animais vivos, salvo os sospeitosos de rabia.

b) Centro Nacional de Alimentación da Axencia Española de Seguridade Alimentaria, para as zoonoses transmitidas por alimentos.

c) Centro Nacional de Microbioloxía, Instituto de Saúde «Carlos III», en Majadahonda (Madrid), para os casos de zoonose no home e nos animais sospeitosos de rabia.

### CAPÍTULO II

#### Competencias e funcións dos laboratorios nacionais de referencia

a) Facilitar información sobre os métodos de análise e coordinar a súa aplicación cos laboratorios oficiais das comunidades autónomas, en particular mediante a aplicación de ensaios colaborativos.

b) Coordinar a investigación de novos métodos de análise e informar os laboratorios oficiais das comunidades autónomas dos procesos efectuados neste ámbito.

c) Organizar e, se é o caso, coordinar cursos ou xornadas de formación e perfeccionamento para o persoal que presta os seus servizos nos laboratorios oficiais das comunidades autónomas.

d) Proporcionarlles asistencia técnica e científica aos laboratorios oficiais das comunidades autónomas, en particular para a confirmación, tipificación e apoio diagnóstico dos axentes zoonóticos.

**16935** *REAL DECRETO 1941/2004, do 27 de setembro, polo que se establecen as normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de países terceiros de animais das especies ovina e caprina.* («BOE» 237, do 1-10-2004.)

Mediante o Real decreto 2121/1993, do 3 de decembro, relativo ás normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de países terceiros de animais das especies ovina e caprina, incorporáronse ao noso ordenamento xurídico a Directiva 91/68/CEE do Consello, do 28 de xaneiro de 1991, relativa ás normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios de animais das especies ovina e caprina, e a Directiva 91/69/CEE do Consello, do 28 de xaneiro de 1991, pola que se modifica a Directiva 72/462/CEE, relativa a problemas sanitarios e de policía sanitaria nas importacións de animais das especies bovina e porcina, de carnes frescas e de produtos a base de carne procedentes de países terceiros, co fin de incluír os animais das especies ovina e caprina.

A Directiva 91/68/CEE foi modificada en profundidade pola Directiva 2003/50/CE do Consello, do 11 de xuño de 2003, no que respecta á intensificación dos controis sobre os movementos de ovinos e caprinos, co fin de aumentar as garantías sanitarias ofrecidas polos Estados membros

nos intercambios intracomunitarios de animais destas especies, polo que procede, en consecuencia, a súa incorporación ao noso ordenamento xurídico.

Razóns de seguridade xurídica aconsellan a aprobación dun novo real decreto, mediante o cal se incorpora a Directiva 2003/50/CE. Así mesmo, recóllense, ao derrogarse o Real decreto 2121/1993, do 3 de decembro, as disposicións non modificadas das mencionadas Directivas 91/68/CEE e 91/69/CEE, e inclúese o réxime sancionador aplicable.

A pertenza de España á Unión Europea supón a existencia de normas comúns de comercialización intracomunitaria destes animais, sempre coas debidas garantías, para cuxo efecto é preciso fixar as normas sanitarias que deben cumprir os animais das especies ovina e caprina que formen parte do comercio intracomunitario, prevéndose diferentes requisitos en función dos fins a que se destinen os ditos animais.

Ademais, o establecemento dun réxime comunitario aplicable ás importacións de países terceiros é necesario para facilitar o desenvolvemento dos intercambios e protexer o gando comunitario das enfermidades que o afectan.

Este real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de setembro de 2004,

D I S P O Ñ O :

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto establece as normas de policía sanitaria polas que se rexerán os intercambios intracomunitarios de animais das especies ovina e caprina e as importacións procedentes de países terceiros.

2. O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo do cumprimento dos requisitos adicionais previstos, para o movemento intracomunitario de animais das especies ovina e caprina, no Regulamento (CE) n. 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles.

##### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, e sempre que sexan aplicables, teranse en conta as definicións que figuran no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no artigo 2 do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen os controis veterinarios e zootécnicos aplicables nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos con vistas á realización do mercado interior, e no artigo 2 do Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte.

2. Así mesmo, aplicaranse as definicións seguintes:

a) Animais de abasto de especie ovina ou caprina: os animais da especie ovina ou caprina destinados ao matadoiro, directamente ou a través dun centro de concentración autorizado.

b) Animais ovinos ou caprinos de reprodución: os animais da especie ovina ou caprina, excepto os mencio-

nados nas alíneas a) e c), destinados a ser transportados ao lugar do seu destino, directamente ou a través dun centro de concentración autorizado, con fins de reprodución ou produción.

c) Animais ovinos ou caprinos de engorda: os animais da especie ovina ou caprina, agás os mencionados nas alíneas a) e b), que vaian ser transportados ao seu lugar de destino, directamente ou a través dun centro de concentración autorizado, con obxecto de ser engordados para o seu sacrificio posterior.

d) Explotación ovina ou caprina oficialmente indemne de brucelose: a explotación que cumpre os requisitos enunciados no capítulo I.I do anexo I.

e) Explotación ovina ou caprina indemne de brucelose: a explotación que cumpre as condicións previstas no capítulo II do anexo I.

f) Enfermidade de notificación obrigatoria: as enfermidades incluídas na lista I do anexo II, cuxa aparición comprobada ou sospeitada debe notificarse aos órganos competentes das comunidades autónomas.

g) Veterinario oficial: o inspector veterinario dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación co comercio con países terceiros, e dos órganos competentes das comunidades autónomas para o mercado interior español e os movementos intracomunitarios.

h) Explotación de orixe: calquera explotación en que os ovinos e caprinos estivesen presentes continuamente, segundo dispón este real decreto, e na cal se levaron rexistros que demostran a estadia dos ditos animais e que poden ser controlados polas autoridades competentes.

i) Centro de concentración: os centros de recollida e mercados, autorizados polas comunidades autónomas, nos cales, baixo a supervisión do veterinario oficial, se reúnan animais das especies ovina e caprina procedentes de distintas explotacións para formar lotes de animais para movementos nacionais.

j) Centro de concentración autorizado: calquera sitio, autorizado pola comunidade autónoma de que se trate e notificado ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para os efectos previstos no artigo 12.3, en que se reúnan animais das especies ovina ou caprina procedentes de distintas explotacións para formar lotes de animais destinados ao comercio intracomunitario.

k) Comerciante: toda persoa, física ou xurídica, que compra e vende animais, directa ou indirectamente, con fins comerciais, que ten unha cifra de negocios regular cos ditos animais e que, nun prazo máximo de 29 días despois de adquirir os animais, os vende ou os traslada das primeiras instalacións a outras que non lle pertencen, ou directamente a un matadoiro.

l) Instalacións do comerciante aprobadas: aquelas instalacións explotadas por un comerciante segundo se define na alínea anterior, e aprobadas polas autoridades competentes, nas cales os ovinos e caprinos orixinais de distintas explotacións son reunidos para formaren lotes de animais destinados ao comercio intracomunitario.

m) Transportista: calquera persoa física ou xurídica mencionada no artigo 5 do Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño.

## CAPÍTULO II

### Normas para os intercambios intracomunitarios

#### Artigo 3. *Requisitos xerais.*

1. Os animais ovinos e caprinos de abasto só poderán ser obxecto de comercio se cumpren as condicións dos artigos 4, 5, 6 e 7.

2. Os animais ovinos e caprinos de engorda só poderán ser obxecto de comercio se cumpren as condicións

dos artigos 4, 5, 6 e 8, sen prexuízo de calquera outra garantía que se poida exixir, se é o caso, de conformidade cos artigos 10 e 11. Así mesmo, os animais deberán proceder de explotacións indemnes ou oficialmente indemnes de brucelose.

3. Os animais ovinos e caprinos de reprodución só poderán ser obxecto de comercio se cumpren as condicións dos artigos 4, 5, 6, 8 e 9, sen prexuízo de calquera outra garantía que poida exixirse, se é o caso, de conformidade cos artigos 10 e 11. Así mesmo, os animais deberán proceder de explotacións indemnes ou oficialmente indemnes de brucelose.

4. Non obstante o disposto nos puntos 2 e 3, a comunidade autónoma correspondente poderá conceder excepcións, xerais ou limitadas, para os movementos de animais das especies ovina e caprina de reprodución e de engorda, destinados exclusivamente ao pasto, do forma temporal, cerca das fronteiras con Francia e Portugal.

No dito suposto, as comunidades autónomas que apliquen a excepción informarán o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que este informe a Comisión Europea, a través da vía correspondente, do contido das excepcións concedidas, a cuxo fin as comunidades autónomas lle facilitarán os datos oportunos.

5. Os animais das especies ovina e caprina incluídos neste real decreto en ningún momento entre a súa saída da explotación de orixe e a súa chegada ao punto de destino poderán entrar en contacto con animais biungulados, excepto aqueles que teñan o seu mesmo estatuto sanitario.

#### Artigo 4. *Control previo.*

1. Os animais das especies ovina e caprina deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estaren identificados e rexistrados de acordo co previsto na normativa comunitaria.

b) Seren examinados por un veterinario oficial nas 24 horas anteriores á súa carga, e non mostrar ningún signo clínico de enfermidade.

c) Non procederen dunha explotación, ou teren estado en contacto con animais dunha explotación, que estea suxeita a unha prohibición por motivos de policía sanitaria. A duración da dita prohibición, unha vez sacrificado ou destruído o último animal afectado por algunha das enfermidades indicadas a continuación, ou susceptible de contraela, será, como mínimo, de:

1. 42 días no caso da brucelose.
2. 30 días no caso da rabia.
3. 15 días no caso do carbuncho bacteridiano.

d) Non proceder dunha explotación, ou ter estado en contacto con animais dunha explotación, situada nunha zona que estea suxeita, por motivos sanitarios, a unha prohibición ou a unha restrición que afecte as especies consideradas en virtude da lexislación comunitaria ou nacional.

e) Non estaren suxeitos a restricións de sanidade animal conforme a normativa vixente relativa á febre aftosa nin teren sido vacinados contra a febre aftosa.

2. Excluíranse dos intercambios os animais das especies ovina e caprina:

a) Que teñan que ser sacrificados no marco dun programa nacional de erradicación de enfermidades non previstas no anexo C do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, ou na lista I do anexo II deste real decreto.

b) Que non poidan ser comercializados no noso propio territorio por motivos sanitarios ou de policía sanitaria xustificadas en virtude do artigo 30 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

3. Os ovinos e caprinos deberán ter nacido, e ter sido criados desde o seu nacemento, no territorio da Unión Europea, ou ter sido importados desde un país terceiro conforme o disposto neste real decreto e no resto da normativa vixente ao respecto.

#### Artigo 5. *Animais de abasto, reprodución e engorda.*

1. Os animais das especies ovina e caprina de abasto, reprodución e engorda deberán cumprir, ademais, os seguintes requisitos para poder ser expedidos:

a) Ter residido de modo constante na explotación de orixe durante 30 días polo menos, ou desde o seu nacemento se os animais teñen menos de 30 días de idade.

b) Non proceder dunha explotación na cal se introducisen ovinos ou caprinos durante os 21 días anteriores á expedición.

c) Non proceder dunha explotación na cal se introducisen animais biungulados importados dun país terceiro durante os 30 días anteriores á expedición.

2. Non obstante o disposto nas alíneas b) e c) do punto anterior, poderá autorizarse a expedición de ovinos e caprinos a outro Estado membro se os animais mencionados nas alíneas b) e c) do punto 1 foron illados completamente dos demais animais da explotación.

#### Artigo 6. *Movemento de animais.*

1. Para o comercio intracomunitario de todos os animais das especies ovina e caprina, serán de aplicación as condicións fixadas neste artigo.

2. Os animais non deberán estar fóra da súa explotación de orixe durante máis de seis días despois de ter sido certificados por última vez para o comercio ao seu destino final noutro Estado membro, segundo se indique no certificado sanitario.

Sen prexuízo do artigo 15.1, en caso de transporte marítimo, o prazo de seis días prorrogarase polo tempo que dure a travesía.

3. Tras saír da explotación de orixe, os animais serán enviados directamente ao destino noutro Estado membro.

4. Non obstante o disposto no punto 3, os animais das especies ovina e caprina poderán transitar, tras saír da explotación de orixe e antes de chegar ao destino noutro Estado membro, a través dun único centro de concentración autorizado, situado no Estado membro de orixe.

No caso dos ovinos e caprinos de abasto, o centro de concentración autorizado poderá ser substituído polas instalacións do comerciante aprobadas, situadas no Estado membro de orixe.

5. Os animais de abasto que fosen conducidos, á súa chegada ao Estado membro de destino, a un matadoiro deberán ser sacrificados o antes posible e, como máis tarde, 72 horas despois da súa chegada.

6. Sen prexuízo do artigo 3.5, as autoridades competentes velarán porque os animais non poñan en risco en ningún momento, entre a súa saída da explotación de orixe e a súa chegada ao destino, o estado sanitario dos animais de especie ovina e caprina que non estean destinados ao comercio intracomunitario.

#### Artigo 7. *Animais de abasto.*

1. Non obstante o disposto no artigo 5.1.a), os ovinos e caprinos de abasto poderán ser obxecto de comercio tras residir de maneira continua na explotación de orixe, polo menos, durante 21 días.

2. Non obstante o disposto no artigo 5.1.b), e sen prexuízo do disposto no artigo 6.2, os ovinos e caprinos de abasto poderán ser enviados da explotación de orixe na cal os ovinos ou caprinos fosen introducidos durante os 21 días anteriores á expedición, se son transportados directamente a un matadoiro noutro Estado membro para o seu sacrificio inmediato sen pasar por un centro de concentración ou punto de parada establecido de conformidade co disposto no Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño.

3. Non obstante o disposto nos puntos 3 e 4 do artigo 6, e sen prexuízo do disposto no punto 2 do dito artigo, os ovinos e caprinos de abasto poderán pasar, despois de saír da explotación de orixe, por outro centro de concentración, sempre que se cumpra unha das condicións seguintes:

a) Os animais, antes de pasar polo centro de concentración autorizado mencionado no artigo 6.4 situado no Estado membro de orixe, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Que, despois de saír da explotación de orixe, os animais pasen por un único centro de concentración, baixo supervisión do veterinario oficial, que só autorice a presenza simultánea de animais de, polo menos, o mesmo estatuto sanitario.

2. Que, sen prexuízo do disposto na normativa comunitaria sobre a identificación de ovinos e caprinos, os animais sexan identificados individualmente, como máis tarde no dito centro de concentración, co fin de ser posible, en cada caso, coñecer a explotación de orixe.

3. E que, desde o centro de concentración, os animais, acompañados por un documento do veterinario oficial, sexan transportados ao centro de concentración autorizado que se menciona no artigo 6.4 para ser certificados, e enviados directamente a un matadoiro no Estado membro de destino.

b) Ou ben os animais, unha vez expedidos desde o Estado membro de orixe, poderán transitar por un centro de concentración aprobado antes de ser enviados ao matadoiro no Estado membro de destino, nas seguintes condicións:

1. Que o centro de concentración aprobado estea situado no Estado membro de destino desde onde os animais deberán ser retirados, baixo a responsabilidade do veterinario oficial, directamente a un matadoiro para seren sacrificados nun prazo de cinco días desde a chegada ao centro de concentración aprobado.

2. Ou que o centro de concentración aprobado estea situado nun Estado membro de tránsito desde onde os animais sexan enviados directamente ao matadoiro, no Estado membro de destino, indicado no certificado de sanidade animal de conformidade co disposto no artigo 15.6.

#### Artigo 8. *Animais destinados a explotacións cualificadas.*

Sen prexuízo das garantías complementarias exhibibles conforme o disposto nos artigos 10 e 11, os ovinos e caprinos de reprodución e de engorda, para seren introducidos nunha explotación ovina e caprina oficialmente indemne de brucelose ou indemne de brucelose, ademais dos requisitos enunciados no artigo 4, deberán cumprir os requisitos da epígrafe D do capítulo I ou da epígrafe D do capítulo II do anexo I, respectivamente.

### Artigo 9. *Animais de reprodución.*

Sen prexuízo das garantías complementarias exhibibles conforme os artigos 10 e 11, os animais de reprodución deberán cumprir, ademais, os seguintes requisitos:

a) Que fosen adquiridos nunha explotación ou que tivesen contacto só con animais dunha explotación:

1. Na cal non se detectasen clinicamente as seguintes enfermidades:

A agalaxia contaxiosa do carneiro (*Mycoplasma agalactiae*) e a agalaxia contaxiosa da cabra (*Mycoplasma agalactiae*, *M. capricolum*, *M. mycoides* subsp *mycoides* Large Colouy) no curso dos últimos seis meses.

A paratuberculose ou a linfadenite caseosa, durante os últimos 12 meses.

A adenomatose pulmonar, o Maedi Visna ou a artrite encefalite viral caprina durante os tres últimos anos. Non obstante, ese prazo quedará reducido a 12 meses se os animais afectados de Maedi Visna ou de artrite encefalite viral caprina foron sacrificados e os demais animais deron reacción negativa a dúas probas recoñecidas conforme o procedemento comunitario previsto, ou que, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos para as demais enfermidades, achegue garantías, para unha ou máis das enfermidades citadas no marco dun programa aprobado conforme os artigos 10 e 11, equivalente para a enfermidade ou enfermidades mencionadas.

2. Na cal non chegase a coñecemento do veterinario oficial encargado de expedir o certificado sanitario ningún feito que permita chegar á conclusión de que non se cumpriron os requisitos do parágrafo 1. anterior.

3. Cuxo propietario declarase que non tivo coñecemento de tal feito e ademais declarase por escrito que o animal ou os animais destinados aos intercambios intracomunitarios cumpren os requisitos previstos no número 1. anterior.

b) Respecto á epididimite contaxiosa do carneiro (*B. ovis*), os carneiros de reprodución enteiros deberán:

1. Proceder dunha explotación en que non se detectase no transcurso dos últimos 12 meses ningún caso de epididimite contaxiosa do carneiro (*B. ovis*).

2. Non ter saído da dita explotación durante os 60 días anteriores á expedición.

3. Ter sido sometidos, durante os 30 días anteriores á expedición, a un exame serolóxico, con resultado negativo, practicado conforme o disposto no anexo IV ou cumprir as garantías sanitarias equivalentes a recoñecer conforme o procedemento previsto na normativa comunitaria.

c) O cumprimento dos ditos requisitos deberase mencionar nun certificado que se axuste ao modelo aplicable de entre os establecidos para o efecto pola normativa vixente da Unión Europea.

### Artigo 10. *Programa nacional.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas, poderá elaborar programa ou programas nacionais obrigatorios de vixilancia das enfermidades contaxiosas enumeradas na lista II do anexo II.

O programa deberá indicar expresamente o seguinte:

a) A situación da enfermidade en todo o territorio nacional.

b) A xustificación do programa, tendo en conta a importancia da enfermidade e as súas vantaxes desde o punto de vista da relación custo-beneficios previstos.

c) A zona xeográfica en que se vai aplicar o programa.  
d) Os diferentes estatutos aplicables ás granxas e as normas que se deberán alcanzar en cada categoría, así como os procedementos de proba.

e) Os procedementos de control do programa.

f) As consecuencias da perda do estatuto por parte da explotación, polo motivo que fose.

g) As medidas para tomar no caso de observarse resultados positivos nos controis realizados conforme as disposicións do programa.

2. O programa nacional remitirase á Comisión Europea para efectos da súa aprobación e obtención do financiamento previsto na normativa comunitaria.

### Artigo 11. *Cualificación de España.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no suposto de que se poida considerar España total ou parcialmente indemne dalgunhas das enfermidades da lista II do anexo II, comunicarao, a través da vía correspondente, á Comisión Europea de acordo co procedemento correspondente, para cuxo efecto a comunidade ou comunidades autónomas de que se trate remitirán ao dito ministerio as xustificacións adecuadas, precisando, en particular:

a) A natureza da enfermidade e o historial da súa aparición no seu territorio.

b) Os resultados das probas de vixilancia, baseados nunha investigación serolóxica, microbiolóxica, patolóxica e epidemiolóxica e no feito de que a dita enfermidade debe ser declarada obrigatoriamente ás autoridades competentes.

c) O período durante o cal se efectuou a vixilancia.

d) Eventualmente, o período durante o cal a vacinación contra a enfermidade estivo prohibida e a zona xeográfica afectada pola dita prohibición.

e) As normas que se seguiron para o control da ausencia da enfermidade.

### Artigo 12. *Centros de concentración.*

1. Os centros de concentración, para seren autorizados pola autoridade competente, deberán cumprir, polo menos, as seguintes condicións:

a) Estar baixo o control dun veterinario oficial, que garantizará, en particular, o cumprimento do disposto no artigo 3.5.

b) Estar situados nunha zona que non sexa obxecto de prohibición ou restrición conforme a normativa comunitaria ou nacional correspondentes.

c) Que fosen limpados e desinfectados antes de cada utilización, de acordo coas instrucións do veterinario oficial.

d) Posuír, en función das capacidades de acollida do centro de concentración:

1. Unha instalación dedicada exclusivamente a este fin cando se use como centro de concentración.

2. Instalacións adecuadas para cargar, descargar e albergar convenientemente aos animais, abeberalos, alimentalos e proporcionarlles os coidados que puidesen necesitar. Estas instalacións deberanse poder limpar e desinfectar facilmente.

3. Infraestruturas de inspección adecuadas.

4. Infraestruturas de illamento adecuadas.

5. Equipos adecuados de limpeza e desinfección dos locais e dos camiós.

6. Unha zona de almacenamento suficiente para a forraxe, o estrume e o esterco.

7. Un sistema adecuado de desaugamento.

8. Unha oficina ou local para o veterinario oficial.

e) Aceptar unicamente animais identificados de conformidade coa normativa comunitaria e que cumpran as condicións de sanidade animal fixadas neste real decreto, en función da categoría de animais de que se trate. A tal fin, ao admitir animais, o propietario do centro ou o seu responsable comprobará ou fará comprobar os documentos sanitarios ou outros documentos de acompañamento propios das especies ou categorías de que se trate.

f) Ser inspeccionados periodicamente pola autoridade competente, co fin de comprobar o mantemento das condicións que permitiron a autorización.

2. O propietario do centro de concentración ou o seu responsable, ben baseándose no documento de acompañamento, ben nos números ou marcas de identificación dos animais, deberá inscribir nun rexistro ou soporte informático, que conservará durante polo menos tres anos, as seguintes informacións:

a) O nome do propietario, a orixe, a data de entrada e de saída, o número e a identificación dos animais da especie ovina e caprina ou o número de rexistro da explotación de orixe dos animais que entren no centro, o número de aprobación, se é o caso, ou rexistro do centro de concentración polo cal pasasen os animais antes de entrar no centro e o seu destino proposto.

b) O número de rexistro do transportista e o número de licenza do camiión que entregue ou recolla os animais do centro.

3. A autoridade competente asignará un número de autorización a cada centro de concentración autorizado. A dita autorización poderase limitar a unha ou outra especie incluída neste real decreto, ou a animais de reprodución, a animais de engorda ou a animais de abasto. A autoridade competente notificará ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o posterior traslado por este á Comisión Europea, a través da vía correspondente, a lista dos centros de concentración autorizados, así como calquera actualización.

4. A autoridade competente poderá suspender ou retirar a autorización en caso de incumprimento deste artigo ou doutras disposicións adecuadas deste real decreto ou de calquera outra norma aplicable en materia de policía sanitaria. Poderase volver a conceder a autorización cando a autoridade competente constate que o centro de concentración cumpre plenamente todas as disposicións pertinentes deste real decreto.

5. A autoridade competente asegurase de que, cando estean en funcionamento, os centros de concentración teñan un número suficiente de veterinarios oficiais para levar a cabo todas as tarefas que lles corresponden.

### Artigo 13. Comerciantes.

1. Todos os comerciantes deberán estar rexistrados no rexistro correspondente da autoridade competente, e, para efectos do comercio intracomunitario, estar aprobados por esta, dispoñendo dun número de autorización expedido por ela. Así mesmo, velarán por que os comerciantes aprobados cumpran, polo menos, as condicións seguintes:

a) Unicamente comerciarán con animais identificados e que proveñan de explotacións que se axusten ás condicións fixadas no artigo 3. A tal fin, o comerciante velará por que os animais estean correctamente identificados e vaian acompañados dos documentos sanitarios correspondentes de conformidade con este real decreto.

b) O comerciante, ben baseándose no documento de acompañamento, ben nos números ou marcas de identificación dos animais, deberá inscribir nun rexistro ou soporte informático, que conservará durante polo menos tres anos, as seguintes informacións:

1. O nome do propietario, a orixe, a data de compra, as categorías, o número e a identificación dos animais da especie ovina e caprina ou o número de rexistro da explotación de orixe dos animais adquiridos, o número de aprobación, se é o caso, ou rexistro do centro de concentración polo cal pasasen os animais antes da adquisición e o seu destino.

2. O número de rexistro do transportista e/ou o número de licenza do camiión que entregue ou recolla os animais.

3. O nome e o enderezo do comprador e o destino dos animais.

4. As copias dos plans de viaxe e/ou o número de serie dos certificados sanitarios.

c) Cando o comerciante manteña animais nas súas instalacións, velará por que:

1. Se emprenda unha formación específica do persoal que se faga cargo dos animais no que respecta á aplicación dos requisitos deste real decreto e ao coidado e á protección dos animais.

2. Os animais adquiridos sexan sometidos aos controis e probas necesarios, efectuados polo veterinario oficial, e se tomen todas as medidas necesarias para evitar a propagación de enfermidades.

2. Todas as instalacións utilizadas por un comerciante para o exercicio da súa actividade deberán estar rexistradas no rexistro correspondente da autoridade competente, e dotadas dun número de autorización expedido por ela. Así mesmo, deberán cumprir, polo menos, as condicións seguintes:

a) Estar baixo a supervisión dun veterinario oficial.

b) Estar situadas nunha zona que non sexa obxecto de prohibición ou restrición conforme a normativa comunitaria ou nacional aplicable.

c) Posuír:

1. Instalacións adecuadas, de capacidade suficiente, e, en particular, infraestruturas de inspección e de illamento adecuadas para poder illar todos os animais en caso de abrocho dunha enfermidade contaxiosa.

2. Instalacións adecuadas para descargar e, cando sexa necesario, albergar convenientemente os animais, abeberalos, alimentalos e proporcionarlles os coidados que puidesen necesitar. Estas instalacións deberán poder limpar e desinfectar facilmente.

3. Unha superficie suficiente para recoller o estrume e o esterco.

4. Un sistema adecuado de recollida de augas sucias.

d) Ser limpadas e desinfectadas antes de cada utilización, de acordo coas instrucións do veterinario oficial.

3. A autoridade competente poderá suspender ou retirar a autorización en caso de incumprimento deste artigo ou doutras disposicións deste real decreto ou de calquera outra norma aplicable en materia de policía sanitaria. Poderá volver a concederse a autorización cando a autoridade competente constate que o comerciante cumpre todas as disposicións pertinentes deste real decreto.

4. A autoridade competente levará a cabo inspeccións periódicas, co fin de comprobar o adecuado cumprimento dos requisitos deste artigo.

### Artigo 14. Transportistas.

1. Os transportistas aos que fai referencia o artigo 5 do Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, deberán cumprir as condicións adicionais seguintes:

a) Para o transporte de animais deberán utilizar medios de transporte que:

1. Fosen construídos de tal forma que as feces, o estrume ou o penso non se poidan verter ou caer desde o vehículo.

2. Fosen limpados e desinfectados con axuda de desinfectantes oficialmente autorizados, inmediatamente despois de cada transporte de animais ou de calquera produto que poida afectar a saúde dos animais, e, en caso necesario, antes de calquera novo cargamento de animais, empregando desinfectantes oficialmente autorizados.

b) Disporán de instalacións de limpeza e desinfección adecuadas, autorizadas pola autoridade competente, incluídas instalacións para o almacenamento do estrume e o esterco, ou ben probarán documentalmente que estas operacións son realizadas por terceiros autorizados pola autoridade competente.

2. O transportista deberá levar un rexistro para cada vehículo que efectúe o transporte de animais, que manterá durante un período mínimo de tres anos, e conterá, polo menos, a información seguinte:

a) Os lugares e datas de recollida e o nome, ou nome comercial, e enderezo da explotación ou do centro de concentración onde se recolleron os animais.

b) Os lugares e datas de entrega e o nome, ou nome comercial, e enderezo do destinatario ou dos destinatarios.

c) A especie e o número de animais transportados.

d) A data e o lugar de desinfección.

e) Os detalles da documentación de acompañamento, en especial o número de serie dos certificados.

3. Os transportistas velarán por que a partida de animais non entre en contacto en ningún momento con animais dun estatuto sanitario inferior, desde a súa saída da explotación ou do centro de concentración de orixe até a súa chegada a destino.

4. As autoridades competentes velarán por que os transportistas se comprometan por escrito a:

a) Tomar todas as medidas necesarias para cumprir este real decreto e, en particular, as disposicións recollidas neste artigo relativas á documentación apropiada que debe acompañar os animais.

b) E confiar o transporte dos animais a persoal que conte coa capacidade, a competencia profesional e os coñecementos necesarios.

5. En caso de incumprimento das disposicións deste artigo, será aplicable, na parte que corresponda, o disposto nos artigos 9 e 12 do Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño.

#### Artigo 15. *Certificado sanitario.*

1. Durante o transporte ao seu lugar de destino, os animais das especies ovina e caprina deberán ir acompañados dun certificado sanitario conforme, segundo proceda, o modelo aplicable de entre os establecidos para o efecto pola normativa vixente da Unión Europea. O certificado constará dunha soa folla ou, cando se requira máis dunha páxina, presentarse de maneira que todas as páxinas formen parte dun conxunto integrado e indivisible, e levará un número de serie. Será expedido o día do exame veterinario e estará redactado, polo menos, en castelán e nun dos idiomas oficiais do país de destino. O certificado terá unha validez de 10 días a partir da data do control sanitario.

2. Os controis sanitarios para a expedición do certificado sanitario, incluídas as garantías adicionais, para un lote de animais, poderanse realizar na explotación de orixe, nun centro de concentración aprobado ou, no caso

dos animais de abasto, nas instalacións aprobadas do comerciante. Para tal efecto, a autoridade competente velará por que todo certificado sanitario sexa expedido polo veterinario oficial ao remate das inspeccións, visitas e controis establecidos neste real decreto.

3. O veterinario que ten a responsabilidade oficial do centro de concentración levará a cabo todos os controis necesarios nos animais que cheguen a el.

4. Para os ovinos e caprinos de engorda ou reprodución enviados a outro Estado membro desde un centro de concentración aprobado situado en España, o certificado sanitario a que fai referencia o punto 1, conforme o modelo aplicable, segundo o caso, de entre os establecidos para o efecto pola normativa vixente da Unión Europea, só se poderá emitir sobre a base dos controis que establece o punto 3 e dun documento oficial, cuberto polo veterinario oficial responsable da explotación de orixe que conteña a información necesaria.

5. Para os ovinos e caprinos de abasto que se trasladen a outro Estado membro desde un centro de concentración aprobado, ou unhas instalacións do comerciante aprobadas, situados en España, o certificado sanitario a que fai referencia o punto 1, conforme o modelo aplicable de entre os establecidos para o efecto pola normativa vixente da Unión Europea, só se poderá expedir sobre a base dos controis que establece o punto 3 e dun documento oficial que conteña a información necesaria, completado polo veterinario oficial responsable da explotación de orixe ou polo centro de concentración aprobado mencionado no punto 3.a).1. do artigo 7.

6. Cando un centro de concentración español aprobado conforme o punto 3.b).2. do artigo 7, reciba ovinos e caprinos de abasto procedentes doutro Estado membro da Unión Europea e non destinados ao Estado español, o veterinario oficial responsable daquel emitirá un certificado ao Estado membro de destino, e expedirá un segundo certificado sanitario conforme o modelo aplicable de entre os establecidos para o efecto pola normativa vixente da Unión Europea, completándoo cos datos pertinentes dos certificados sanitarios orixinais e xuntándolles unha copia oficialmente cotexada daquel. Neste caso, a validez combinada dos certificados non poderá ser superior á que establece o punto 1.

7. O veterinario oficial que expida un certificado sanitario para os intercambios intracomunitarios conforme os modelos aplicables, segundo o caso, de entre os establecidos para o efecto pola normativa vixente da Unión Europea, terá que velar porque se rexistre o movemento de animais no sistema ANIMO o día en que expida o certificado.

#### Artigo 16. *Outras normas.*

As regras previstas no Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, serán aplicables en particular aos controis en orixe, á organización e ao curso que se deberá dar aos controis que efectuará o Estado membro de destino, así como ás medidas de salvagarda que se deban aplicar.

#### Artigo 17. *Controis da Comisión Europea.*

1. Na medida en que sexa necesaria para a aplicación do disposto neste real decreto, e de acordo co previsto na normativa comunitaria aplicable, expertos veterinarios da Comisión Europea poderán realizar controis in situ, durante a realización dos cales representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación acompañarán os representantes dos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. Cando se realicen os ditos controis, os órganos competentes das comunidades autónomas e do Ministe-

rio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, deberán prestar aos expertos da Comisión Europea toda a asistencia necesaria para o desempeño das súas funcións.

### CAPÍTULO III

#### Importación de países terceiros

##### Artigo 18. *Lista de países.*

Os animais vivos das especies ovina e caprina poderán unicamente proceder dos países que figuran na lista da Decisión 79/542/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1979, pola que se establece a lista de países terceiros dos cales se autorizan as importacións de animais das especies bovina, porcina, ovina, caprina e equina, carnes frescas e produtos cárnicos.

##### Artigo 19. *Requisitos xerais.*

Con carácter xeral, só se autorizará a importación de animais das especies ovina e caprina de países terceiros se cumpren os requisitos seguintes:

a) Que se atopen indemnes das enfermidades que a continuación se citan, ás cales os animais en cuestión sexan receptivos, desde, polo menos, os últimos 12 meses: peste dos pequenos ruminantes, enfermidade epizootica hemorráxica, varíola ovina, varíola caprina e febre do Val do Rift.

b) Que non fosen vacunados contra as enfermidades antes enumeradas ás que os animais en cuestión sexan receptivos, durante os últimos 12 meses.

##### Artigo 20. *Permanencia previa.*

A importación de animais vivos das especies ovina e caprina queda supeditada a que os ditos animais, antes do embarque, con vistas á súa expedición cara a España, permanecesen, sen interrupción, no territorio dun país terceiro ou parte del que figure na lista elaborada de conformidade coa Decisión 79/542/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1979, desde seis meses antes, como mínimo, se fosen animais de reprodución ou de engorda, ou desde o seu nacemento se estes animais teñen menos de seis meses, e durante polo menos tres meses se se trata de animais de abasto ou desde o seu nacemento se os ditos animais teñen menos de tres meses.

##### Artigo 21. *Modelos de certificados.*

Os modelos de certificación sanitaria que deberán acompañar os animais das especies ovina e caprina procedentes de países terceiros serán os establecidos para o efecto pola normativa vixente da Unión Europea.

##### Artigo 22. *Certificado.*

A autorización de importación de animais da especie ovina e caprina quedará supeditada á presentación dun certificado expedido polo veterinario oficial do país terceiro exportador. O dito certificado, que deberá acompañar os animais, terá que reunir as seguintes características:

a) Ser expedido o mesmo día que se proceda a cargar os animais con destino a España.

b) Estar redactado polo menos en castelán e na lingua do país de orixe.

c) Indicar que os animais das especies ovina e caprina son conformes coas exixencias sanitarias que

establece este real decreto e cumpren os requisitos que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fixa para cada país terceiro.

d) Constar dunha soa folla.

e) Ter un único destinatario.

##### Artigo 23. *Control sanitario.*

Cando se proceda á importación de animais vivos das especies ovina e caprina, os servizos veterinarios das aduanas, dependentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, realizarán o control sanitario dos ditos animais, calquera que sexa o réxime aduaneiro baixo o que estes se declarasen.

##### Artigo 24. *Prohibición.*

A importación ou circulación no territorio nacional dos animais vivos das especies ovina e caprina será prohibida polas autoridades competentes cando os servizos veterinarios oficiais de aduanas, dependentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, constaten, ao realizaren o control aduaneiro, algunha ou algunhas das circunstancias seguintes:

a) Que os animais non proceden do territorio dun país terceiro que figure na lista aprobada pola Decisión 79/542/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1979.

b) Que os animais padecen, se sospeita que padecen ou están contaminados por unha enfermidade contaxiosa para os animais ou para as persoas.

c) Que o país exportador non cumpriu os requisitos previstos neste real decreto, en particular nos seus artigos 4, 8, 9 e 19, así como os previstos no anexo I.

d) Que o certificado sanitario que acompaña os animais non responde ás condicións previstas no artigo 22.

##### Artigo 25. *Medidas sanitarias.*

Cando se procedese ao control previsto no artigo anterior, os servizos veterinarios oficiais das aduanas, dependentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, adoptarán todas as medidas sanitarias que estimen necesarias, e en especial:

a) A inmovilización e corentena se existe a sospeita de que os animais se encontran afectados ou contaminados por unha enfermidade contaxiosa.

b) Se o certificado non se axustase aos requisitos previstos no artigo 22, por instancia do exportador, do destinatario ou do seu representante, manteranse os animais baixo control, á espera de que se resolvan as irregularidades presentadas no certificado.

c) Non permitir a entrada e devolver os animais cuxa circulación non se poida admitir, do acordo co artigo 24, se non existen razóns de sanidade animal que se opoñan a iso. Cando non sexa posible a devolución dos animais, os servizos veterinarios oficiais de aduanas dependentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ordenarán o sacrificio, indicando, se é o caso, o matadoiro autorizado ao que se deben conducir os animais.

d) O sacrificio e destrución da partida de animais cando, tras a realización do control sanitario, se constate ou se sospeite que os ditos animais se encontran afectados por unha enfermidade contaxiosa.

##### Artigo 26. *Outros controis.*

Os animais das especies ovina e caprina que fosen aceptados no territorio da Unión Europea tras a realización dos controis sanitarios previstos noutro Estado membro e que estean destinados a España poderanse someter en territorio español a novos controis sanitarios,

con obxecto de comprobar que se cumpren as exixencias deste real decreto.

**Artigo 27. *Gastos.***

Os gastos ocasionados en aplicación dos artigos 24, 25 e 26, incluídos o sacrificio e a destrución dos animais, correrán a cargo do importador, do destinatario ou do seu mandatario, sen que exista indemnización ningunha a cargo do Estado español. Non obstante, sempre que o nivel de garantía sanitaria non se vexa afectado, concederáselle ao importador a posibilidade de elixir, entre as medidas de que se trate en cada caso, aquela ou aquelas que considere máis oportunas.

**Artigo 28. *Animais de abasto.***

Os animais de abasto deberán conducirse directamente ao matadoiro de destino, onde se procederá ao seu sacrificio como máximo cinco días laborables despois da súa entrada no matadoiro.

**CAPÍTULO IV**

**Réxime sancionador**

**Artigo 29. *Infraccións e sancións.***

No caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, do sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que puidesen concorrer.

**Disposición adicional única. *Referencias ao Real decreto 2121/1993, do 3 de decembro.***

As referencias que se conteñan na normativa vixente ao Real decreto 2121/1993, do 3 de decembro, relativo ás normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de países terceiros de animais das especies ovina e caprina, entenderanse feitas a este real decreto.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto, e especialmente o Real decreto 2121/1993, do 3 de decembro, relativo ás normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de países terceiros de animais das especies ovina e caprina.

**Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.***

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16. da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade. Exceptúase a regulación contida nos artigos 18 ao 28, ambos incluídos, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10. e 16. da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior e de sanidade exterior, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.***

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o cumprimento do disposto

neste real decreto, así como para modificar os seus anexos en función das modificacións que se produzan por disposicións comunitarias.

**Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de setembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**ANEXO I**

**CAPÍTULO I**

**Explotación, Estado, provincia ou comunidade autónoma oficialmente indemne de brucelose (B. melitensis)**

I. Explotación ovina ou caprina oficialmente indemne de brucelose (B. melitensis).

A. Concesión do estatuto.

Considerarase oficialmente indemne de brucelose (B. melitensis):

1. A explotación na cal:

a) Todos os animais das especies sensibles á brucelose (B. melitensis) estean exentos de signos clínicos ou de calquera outra manifestación de brucelose (B. melitensis) desde, polo menos, 12 meses antes.

b) Non se encontren animais das especies ovina ou caprina vacinados contra a brucelose (B. melitensis), a menos que se trate de animais que fosen vacinados polo menos dous anos antes coa vacina Rev.1 ou con calquera outra vacina autorizada polo procedemento comunitario previsto.

c) Se realizasen dúas probas con resultado negativo e con intervalos de seis meses como mínimo, segundo o anexo III, a todos os animais das especies ovina e caprina da explotación que tivesen máis de seis meses no momento da proba.

d) Despois de realizar as probas previstas na alínea c), só hai ovinos e caprinos nados na explotación ou que procedan dunha explotación oficialmente indemne de brucelose ou dunha explotación indemne de brucelose, nas condicións definidas no punto I.D, e na que, tras a súa cualificación, seguen cumpríndose os requisitos previstos no punto I.B.

2. Unha explotación que se encuentre nun Estado membro ou nunha provincia ou comunidade autónoma recoñecida oficialmente indemne de brucelose conforme o disposto no punto II.

B. Conservación do estatuto.

1. Nas explotacións ovinas ou caprinas oficialmente indemnes de brucelose (B. melitensis) situadas fóra do territorio declarado oficialmente indemne de brucelose nas que despois de seren cualificadas, a introdución de animais se faga conforme os requisitos do punto I.D, controlarase anualmente en cada unha delas unha parte representativa do gando ovino e caprino de máis de seis meses. A explotación manterá o estatuto se os resultados das probas son negativos.

En cada explotación a parte representativa de animais que deberán ser controlados incluírá:



Todos os animais machos enteiros de máis de seis meses.

Todos os animais introducidos na explotación despois do control precedente.

O 25 por cento das femias en idade fértil (sexualmente maduras) ou nutricias, sen que o seu número poida ser inferior a 50 por explotación, agás en explotacións con menos de 50 femias desas características, nas cales se controlarán todas as femias.

2. Para unha provincia ou comunidade autónoma que non sexa oficialmente indemne e na cal máis do 99 por cento das explotacións ovinas ou caprinas estean declaradas oficialmente indemnes de brucelose (*B. melitensis*), a periodicidade do control das explotacións ovinas ou caprinas oficialmente indemnes de brucelose poderase fixar en tres anos, sempre que as explotacións que non sexan oficialmente indemnes estean situadas baixo control oficial ou estean sometidas a un programa de erradicación.

### C. Sospeita ou aparición da brucelose.

1. Se nunha explotación ovina ou caprina oficialmente indemne de brucelose:

a) Se comprobase unha sospeita de brucelose (*B. melitensis*) nun ou varios animais das especies ovina ou caprina, o órgano competente da comunidade autónoma retirarálle a dita cualificación. Non obstante, a dita cualificación podería ser suspendida provisionalmente se o animal ou os animais son eliminados ou illados inmediatamente en espera dunha confirmación oficial de brucelose (*B. melitensis*).

b) Se confirmase a brucelose (*B. melitensis*), o órgano competente da comunidade autónoma poderá levantar a suspensión provisional se son sacrificados todos os animais infectados ou todos os animais da especie ou que puidesen ser infectados e se dan resultado negativo dúas probas realizadas, conforme as disposicións do anexo III, cun intervalo de polo menos tres meses, a todos os animais de máis de seis meses da explotación.

2. Se a explotación prevista no punto 1 se atopa en provincia ou comunidade autónoma declarada oficialmente indemne de brucelose (*B. melitensis*), informarase inmediatamente a Comisión Europea e os outros Estados membros.

O órgano competente da comunidade autónoma disporá:

a) O sacrificio dos animais infectados e daqueles que poidan selo na explotación afectada. O Estado membro de que se trate manterá informados da evolución da situación a Comisión Europea e os demais Estados membros.

b) A realización dunha enquisa epidemiolóxica e os rabaños epidemioloxicamente relacionados co rabaño infectado deberán someterse ás probas previstas no punto 1.b).

3. Se se confirma o abrocho de brucelose conforme o punto 2, a Comisión Europea, tras valorar as circunstancias do recrutamento da brucelose (*B. melitensis*), adoptará, se esa valoración o xustifica, segundo o procedemento comunitario previsto, unha decisión pola que se suspenderá ou se lle retirará o dito estatuto a esa provincia ou comunidade autónoma. Se así fose, a recuperación do estatuto só poderá ter lugar conforme o mesmo procedemento.

D. Introducción de animais nunha explotación ovina ou caprina oficialmente indemne de brucelose (*B. melitensis*).

Unicamente poderán ser introducidos nunha explotación ovina ou caprina oficialmente indemne de brucelose aqueles animais das especies ovina ou caprina que cumpren os seguintes requisitos:

a) Proceder dunha explotación ovina ou caprina oficialmente indemne de brucelose.

b) Ou ben proceder dunha explotación indemne de brucelose, estar identificados individualmente segundo o disposto no artigo 4.1.a) deste real decreto, non ter sido vacinados nunca contra a brucelose ou, se o estiveron, que fose máis de dous anos antes. Non obstante, poderán tamén ser introducidas femias de máis de dous anos que fosen vacinadas antes da idade de sete meses, e ter sido illados na explotación de orixe baixo control oficial e durante ese período sufrir dúas probas, cun intervalo de seis semanas como mínimo, conforme o anexo III, con resultados negativos.

II. Estado membro, provincia ou comunidade autónoma oficialmente indemne de brucelose.

Calquera Estado membro, ou calquera provincia ou comunidade autónoma, pode ser recoñecido, conforme o procedemento comunitario previsto, como oficialmente indemne de brucelose:

1. Sempre que se cumpran estes requisitos:

a) Que polo menos o 99,8 por cento das súas explotacións ovinas ou caprinas sexan explotacións oficialmente indemnes de brucelose, ou

b) Que reúna os requisitos seguintes:

Que a brucelose sexa unha enfermidade de declaración obrigatoria desde polo menos cinco anos antes.

Que non se confirmase oficialmente ningún caso de brucelose ovina ou caprina desde polo menos cinco anos antes.

Que a vacinación estea prohibida desde polo menos tres anos antes, e

c) Para os que o cumprimento das condicións fose comprobado conforme o procedemento comunitario previsto.

2. Nas cales se cumpran os requisitos previstos no punto 1 e:

a) Cada ano controis aleatorios practicados ben nas explotacións ou nos matadoiros demostren cunha taxa de certeza do 99 por cento que menos do 0,2 por cento das explotacións están infectadas, ou ben polo menos o 10 por cento dos ovinos e dos caprinos de máis de seis meses desen resultado negativo nalgunha das probas realizadas de conformidade co anexo III.

b) Se sigan cumprindo as condicións da cualificación.

## CAPÍTULO II

### Explotación ovina ou caprina indemne de brucelose (*B. melitensis*)

#### A. Obtención do título.

Considerarase indemne de brucelose (*B. melitensis*) a explotación ovina ou caprina na cal:

1. Se cumpran os seguintes requisitos:

a) Todos os animais das especies sensibles á brucelose (*B. melitensis*) estean exentos de signos clínicos ou de calquera outra manifestación de brucelose desde, polos menos, 12 meses antes.

b) Todos os animais das especies ovina ou caprina, ou algúns, fosen vacinados coa vacina Rev.1 ou con calquera outra vacina autorizada polo procedemento comunitario previsto antes da idade de sete meses.

c) Desem resultado negativo dúas probas efectuadas cun intervalo de seis meses como mínimo, conforme o anexo III, a todos os animais vacinados das especies ovina ou caprina de máis de 18 meses no momento da proba.

d) Desem resultado negativo dúas probas efectuadas cun intervalo de seis meses como mínimo, conforme o anexo III, a todos os animais non vacinados das especies ovina ou caprina e de máis de seis meses no momento da proba.

e) Tras a realización das probas previstas nas alíneas c) ou d) só haxa animais das especies ovina ou caprina que nacesen na explotación ou que proveñan dunha explotación indemne de brucelose segundo as condicións previstas no punto D.

2. Tras a súa cualificación, sigan cumpríndose os requisitos previstos no punto B.

#### B. Conservación do estatuto.

Realizarase unha proba anual a unha parte representativa do censo de animais das especies ovina e caprina de cada explotación. O título da explotación só se poderá conservar se os resultados das probas son negativos.

En cada explotación a parte representativa de animais que deberán ser controlados incluírá:

1. Todos os machos enteiros e non vacinados de máis de seis meses.

2. Todos os animais introducidos na explotación despois do control precedente.

3. O 25 por cento das femias en idade fértil (sexualmente maduras) ou nutricias, sen que o seu número poida ser inferior a 50 por explotación, salvo en explotacións con menos de 50 femias desas características, nas cales serán controladas todas as femias.

#### C. Sospeita ou aparición da brucelose.

1. Se nunha explotación ovina ou caprina indemne de brucelose se comprobase unha sospeita de brucelose (*B. melitensis*) nun ou varios animais das especies ovina ou caprina, seralle retirado o dito estatuto. Non obstante, este podería ser suspendido provisionalmente se o animal ou os animais son eliminados ou illados inmediatamente á espera da confirmación oficial da brucelose (*B. melitensis*).

2. Se se confirmase a brucelose (*B. melitensis*) poderase levantar a suspensión provisional se son sacrificados todos os animais infectados ou que puidesen ser infectados e se dúas probas efectuadas, conforme as disposicións do anexo III, cun intervalo de, polo menos, tres meses, a todos os animais vacinados de máis de 18 meses e a todos os animais non vacinados de máis de seis meses, dan resultado negativo.

D. Introducción de animais nunha explotación ovina ou caprina indemne de brucelose (*B. melitensis*).

Unicamente poderán ser introducidos nunha explotación ovina ou caprina indemne de brucelose aqueles animais das especies ovina ou caprina que cumpran os seguintes requisitos:

1. Proceder dunha explotación ovina ou caprina oficialmente indemne ou indemne de brucelose (*B. melitensis*).

2. Proceder, até a data prevista para a cualificación das explotacións no marco dos plans de erradicación aprobados conforme a normativa correspondente, dunha explotación que non sexa o tipo mencionado no punto 1 e cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar identificados individualmente segundo o disposto no artigo 4.1.a) deste real decreto.

b) Ser orixinarios dunha explotación en que todos os animais de especies sensibles á brucelose (*B. meliten-*

*sis*) están exentos de signos clínicos ou de calquera outro sintoma de brucelose desde 12 meses antes como mínimo.

c) Que non fosen vacinados nos dous anos anteriores, e que fosen illados na explotación de orixe baixo control veterinario e durante ese período sufrir dúas probas, cun intervalo de seis semanas, como mínimo, conforme o anexo III, con resultado negativo; ou que fosen vacinados coa vacina Rev. 1, ou con calquera outra vacina autorizada segundo o procedemento comunitario previsto, antes da idade de sete meses e como máximo 15 días antes da súa introdución na explotación de destino.

#### E. Cambio do estatuto.

Unha explotación ovina ou caprina indemne de brucelose (*B. melitensis*) poderá obter o estatuto de explotación ovina ou caprina oficialmente indemne de brucelose (*B. melitensis*) tras un período mínimo de dous anos se:

a) Non hai nela ningún animal vacinado durante ese período contra a brucelose (*B. melitensis*).

b) Se respectan sen interrupción durante o dito período as condicións previstas no punto D.2.

c) Ao finalizar o segundo ano, unha proba practicada, conforme o anexo III, aos animais de máis de seis meses dea resultado negativo.

### ANEXO II

#### I. (1)

- a) Febre aftosa.
- b) Brucelose (*B. melitensis*).
- c) Epididimite contaxiosa do carneiro (*B. ovis*).
- d) Carbuncho bacteridiano.
- e) Rabia.

Enfermidades de declaración obrigatoria.

#### II.

- a) Agalaxia contaxiosa.
- b) Paratuberculose.
- c) Linfadenite caseosa.
- d) Adenomatose pulmonar.
- e) Maedi visna.
- f) Artrite encefalite viral caprina.

### ANEXO III

#### Probas para a detección da brucelose (*B. melitensis*)

A detección da brucelose (*B. melitensis*) efectuarase por medio da proba «rosa bengala» ou por medio da proba de «fixación do complemento» que se describe a continuación ou por calquera outro método recoñecido conforme o procedemento comunitario previsto.

#### 1. «Rosa bengala».

A proba «rosa bengala» pode ser utilizada como proba de serodiagnóstico nas explotacións de animais das especies ovina ou caprina co fin de lle conceder o título de explotación oficialmente indemne ou indemne de brucelose.

En caso de utilizar para a detección de brucelose (*B. melitensis*) a proba de «rosa bengala» e obter máis dun cinco por cento dos animais da explotación con reacción positiva, efectuarase un control complementario de cada animal da explotación mediante unha proba de fixación do complemento.

#### 2. «Fixación do complemento».

A proba de «fixación do complemento» queda reservada para as probas efectuadas individualmente aos animais. A proba de «fixación do complemento» poderá ser utilizada nas explotacións de animais das especies ovina

ou caprina co fin de lles conceder o título de explotación oficialmente indemne ou indemne de brucelose.

Para a proba de «fixación do complemento», considerárase positivo o soro que conteña como mínimo 20 unidades ICFT por ml.

O soro de traballo (de control diario) deberá espaxarse en relación co soro estándar e conformarse soro estándar internacional «antibrucella abortus» preparado polo laboratorio veterinario central de Weybridge, Reino Unido.

Os antixenos utilizados deberán ser autorizados polo laboratorio nacional de referencia e estandarizados con relación ao segundo soro estándar internacional «antibrucella abortus».

#### ANEXO IV

##### Proba oficial de detección da epididimite contaxiosa do carneiro (*B. ovis*)

Proba de «fixación do complemento».

O antixeno específico utilizado deberá estar autorizado polo laboratorio nacional de referencia e estandarizado en relación co soro estándar internacional «antibrucella ovis».

O soro de traballo (de control diario) deberá graduarse en relación co soro estándar internacional «antibrucella ovis» preparado polo laboratorio veterinario central de Weybridge, Surrey, Reino Unido.

Considerárase positivo o soro que conteña como mínimo 50 unidades internacionais por ml.

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**17006** *REAL DECRETO 1936/2004, do 27 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan nacional de formación e inserción profesional.* («BOE» 238, do 2-10-2004.)

O Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se aproba o Plan nacional de formación e inserción profesional, establece no seu artigo 17 os cometidos dos centros nacionais de formación profesional ocupacional, especializados por familias profesionais, e publica no seu anexo a relación de tales centros. Desde esa data, os centros nacionais desenvolveron un labor fundamental no desenvolvemento da formación profesional ocupacional en España.

Con todo, a continua evolución do mercado de traballo en España e os cambios producidos no ámbito da propia formación profesional ocupacional fan necesario actualizar a relación de centros nacionais co fin de axustala ás necesidades actuais de funcionamento da dita rede de centros, tanto no relativo á súa distribución espacial como no que respecta ás áreas formativas de que deben ocuparse.

Neste sentido producíronse as seguintes actuacións previas:

a) O Real decreto 311/2001, do 23 de marzo, sobre ampliación dos medios traspasados á Comunidade Foral de Navarra polo Real decreto 1319/1997, do 1 de agosto, en materia de xestión da formación profesional ocupacional, e polo Real decreto 811/1999, do 14 de maio, da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación, aprobou o

Acordo da Xunta de Transferencias, do 22 de febreiro de 2001, sobre ampliación dos medios traspasados a esta comunidade foral, recolléndose no punto 2 do seu anexo a transferencia de 900 millóns de pesetas (5.409.109,11 euros), para financiar a construción e dotación dun centro que se debería cualificar como centro nacional de formación profesional ocupacional, con cargo ao crédito do capítulo VII, autorizado para o efecto no estado de gastos do orzamento do Instituto Nacional de Emprego pola Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2001.

Mediante acordo entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Consellería de Industria, Comercio, Turismo e Traballo do Goberno de Navarra, conveuse a creación do Centro Nacional de Formación Profesional Ocupacional de Enerxías Renovables, do Imárcoain, en Navarra.

O dito acordo foi recollido nas reunións do 15 de febreiro de 2001 e 19 de novembro de 2001 da Comisión de Coordinación e Seguimento, creada mediante o Real decreto 811/1999, do 14 de maio, polo que se produciu o traspaso á Comunidade Foral de Navarra da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación, e así consta recollido nas actas de igual data correspondentes ás ditas reunións da comisión.

b) No Real decreto 646/2002, do 5 de xullo, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Aragón da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito do traballo, o emprego e a formación, no punto 4.G) do anexo, transfíreselle á Comunidade Autónoma de Aragón a cantidade de 5.409.109,11 euros, para o financiamento e equipamento do Centro Nacional de Zaragoza, que se cualificará como centro nacional de formación profesional ocupacional, dedicado á actividade de novas tecnoloxías e información e manifestacións artísticas.

c) Respecto á Comunidade Autónoma de Galicia, a Comisión de Coordinación e Seguimento, na súa reunión de 9 de maio de 2000, de conformidade co establecido no punto B).3, parágrafo final, do anexo do Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego, no ámbito de traballo, o emprego e a formación, e na cláusula novena do convenio de colaboración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Xunta de Galicia, en materia de centros nacionais de formación ocupacional, acordou propor a descualificación do centro de Coia-Vigo, especializado na área formativa de pesca e acuicultura, así como a descualificación da área formativa de gandaría do centro de Santiago de Compostela, especializado nas áreas formativas de gandaría e forestal.

d) Así mesmo, acordouse propor as cualificacións como centros nacionais de formación ocupacional do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico, sito en Vigo, na área formativa de pesca; do Instituto Galego de Formación, sito na Illa de Arousa, especializado na área formativa de acuicultura, e do Centro de Formación Ocupacional de Explotación Forestal e da Madeira, de Santiago de Compostela, especializado na área formativa forestal.

e) Por último, corríxense algúns erros de denominación que aparecían no Real decreto 631/1993, do 3 de maio, que afectan a Comunidade Autónoma de Canarias.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e as comunidades autónomas afectadas.

Na súa virtude, por proposta do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de setembro de 2004,